

Política de calidade

A calidade é un compromiso estable da alta dirección (Xunta Directiva de ÍNTEGRO); asegurándose da mellora continua, da satisfacción e das necesidades das súas *partes interesadas*, así como cos requisitos legais, regulamentarios da norma UNE-EN ISO 9001:2015.

Os compromisos que adquirimos coa Asociación son:

- ☒ Adecuar a política de calidade ao contexto da organización, aliñándoa cos estatutos da Asociación, así como coa misión, visión e valores da mesma.
- ☒ Lograr un equilibrio permanente, equitativo entre o incremento de novos/as usuarios/as e a calidade dos nosos servizos, e promover a continuidade e mellora dos mencionados servizos.
- ☒ Aplicar un sistema de mellora e avaliación continua no sistema de calidade A calidade é un obxectivo permanente de mellora continua.
- ☒ Proporcionar un marco de referencia para establecer e revisar os obxectivos de calidade para a súa mellora continua.
- ☒ Garantir a transparencia na xestión da asociación

Os compromisos que adquirimos coas diferentes partes interesadas son:

Coas persoas con diversidade funcional

- ☒ Ofrecer unha atención individualizada e cubrir e respectar ás súas necesidades (desenvolvemento dos Plans individualizados de atención PIAS).
- ☒ Fomentar a igualdade de oportunidades no ámbito rural.
- ☒ Facilitarlle os recursos e apoio persoal necesarios para acceder a unha vida autónoma sen esquecer que eles son os protagonistas de devandito proceso.
- ☒ Respectar a intimidade no tratamento dos datos persoais das persoas con diversidade funcional, que pola súa natureza sexan confidenciais.

Coas familias/titores das persoas con diversidade funcional

- ☒ Fomentar a participación e implicación das familias/titores no procesos que impliquen ós/ás nosos/as usuarios/as (PIAS).
- ☒ Fomentar a dispoñibilidade dos/as profesionais e o trato próximo e respectuoso ante as súas demandas
- ☒ Promover a continuidade e a mellora dos servizos e programas.
- ☒ Garantir a transparencia na xestión da asociación.



Cos/as profesionais da Asociación

- ☒ Establecer canles de información e comunicación que faciliten a participación e os compromisos dos/as profesionais cos obxectivos de calidade do programa.
- ☒ Atender as necesidades de formación continua dos/as profesionais.
- ☒ Fomentar o traballo en equipo.
- ☒ Garantir a estabilidade laboral e recoñecemento profesional.

Cos provedores

- ☒ Establecer canles de información e comunicación que faciliten a participación e os compromisos dos/as profesionais co sistema de xestión de calidade (certificados).
- ☒ Cumprimento co contrato de prestación de servizo e/ou produto.

Coas entidades públicas e privadas

- ☒ Establecer canles de información e comunicación que faciliten e permitan o coñecemento da nosa labor.
- ☒ Xustificación dos programas subvencionados segundo a orde e/ou convocatoria.
- ☒ Difusión social da colaboración obtida.

Cos/as e socios/as e a comunidade

- ☒ Facilitar, dar a coñecer e promover a participación nas actividades, servizos e programas da Asociación.
- ☒ Promover o voluntariado.

Cos medios de comunicación

- ☒ Ofrecer unha imaxe aliñada coa filosofía de entidade.
- ☒ Dar a coñecer actividades, servizos e programas da Asociación.
- ☒ Visibilizar a diversidade funcional.
- ☒ Sensibilizar sobre o uso axeitado da terminoloxía arredor da diversidade funcional.

Esta política de calidade, unha vez aprobada, será comunicada a toda a organización mediante:

- ☒ Exposición do documento, nun lugar visible, para que poida ser consultada por todas as partes interesadas.
- ☒ Entrega do “manual da acollida” de novos/as profesionais que se incorporen ó servizo.
- ☒ Calquera cambio na política de calidade será comunicado a todas as persoas da organización e as súas partes interesadas.

Nantón 21 de novembro de 2016.

